

Estimada amiga ou estimado amigo,

O Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte, está traballando na elaboración da estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), para o vindeiro período de programación 2014-2020, do Programa Leader do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

Dita estratexia orientará un novo marco de financiamento comunitario na zona que abarca o GDR, que comprende os concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbriá, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para o cal xa se está traballando activamente con eles.

Dentro deste proceso, tentarase reunir unha ampla participación de axentes e entidades do territorio, nunha serie de **espazos de traballo abertos**, que abordarán a elaboración da EDLP dende unha visión integradora do mesmo. Para isto contémplase a realización dunha serie de foros e mesas sectoriais, que detallamos a continuación.

O Primeiro **Foro Inicial** do proceso é un espazo de apertura no que se pretende realizar unha reflexión diagnóstica sobre a situación actual e retos do territorio, de cara a establecer as súas prioridades para o novo período de fondos. Esta reunión, celebrarase o día 06 de maio ás 18:30 horas no Centro Sociocultural de Baio no concello de Zas.

Tamén se celebrarán unhas xornadas de traballo con **mesas sectoriais**, nas que o principal obxectivo será o de definir a proposta estratéxica de actuación, marcando os obxectivos e liñas de actuación do Plan. Estas reunións celebraranse os días 18 de maio, no Edificio de Servizos Múltiples de Vimianzo, e dia 19 na Casa do Oleiro en Buño. Ambas reunións serán a partir das 18:00 horas.

Para rematar o proceso terá lugar, o día 17 de xuño, un **Foro Final** no que se presentarán os resultados do proceso, e se validarán o documento que se presentará para optar á xestión do programa Leader. Este Foro, celebrarase ás 18:30 horas no Centro Sociocultural de Baio.

A elaboración da estratexia é de vital importancia para o futuro desenvolvemento da nosa zona. A túa participación neste proceso é imprescindible, polo cal recalcamos o noso interese en que achegues a túa opinión e participes nestes espazos.

Sen outro particular, aproveitamos para saudarte e agradecerche a túa atenta colaboración.

Vimianzo, 26 de abril de 2016



GDR
Grupo Desenvolvemento Rural
Costa da Morte

Manuel Muñoz Espasandín

Presidente do GDR Costa da Morte